XLVIII TRAVESÍA AO DIQUE

A Coruña, 25 de Xullo de 2019

1.- ORGANIZACIÓN:

Correrá a cargo do Club Natación Coruña coa colaboración da Concellería de Deportes do Excelentísimo Concello da Coruña e a Federación Galega de Natación.
Rexerase polo presente Regulamento, pola normativa do XVI Circuíto Galego de Augas Abertas (https://www.fegan.org/post/2339) e polas normas da Federación Española de Natación.

2.- DATA E HORA:

25 de xullo de 2019 a las 11.30 horas

3.- CATEGORÍAS:

CATEGORÍA	MASCULINA	FEMININA
A	Nacidos en 2008 e post.	Nacidas en 2008 e post.
B	Nacidos en 2007 e 2006	Nacidas en 2007 e 2006
C	Nacidos en 2005 e 2004	Nacidas en 2005 e 2004
D	Nacidos en 2003 e 2002	Nacidas en 2003 e 2002
E	Nacidos entre 1994 e 1979	Nacidas entre 1994 e 1979
F	Nacidos entre 1978 e 1964	Nacidas entre 1978 e 1964
G	Nacidos en 1963 e anteriores	Nacidas en 1963 e anteriores
H	ABSOLUTA (sen limitación de idade)	ABSOLUTA (sen limitación de idade)

Na categoría H poderá participar calquera deportista nacido no ano 2005 ou anteriores que o solicite no momento da inscrición. Non se admitirán cambios de categoría unha vez feita a inscrición.

4.- PERCORRIDO:

O percorrido será de aproximadamente 1200 metros para as categorías A, B, E, F e G, 2300 metros para as categorías C e D e 3500 para a categoría absoluta (H).

Os nadadores inscritos no **"XVI CIRCUÍTO GALEGO DE AUGAS ABERTAS"** deberán realizar o percorrido correspondente á categoría absoluta (H).

5.- INSCRICIÓNS:

As inscricións realizaranse vía telemática desde a ligazón correspondente e coa data límite do **Domingo 21 de xullo de 2019.**
O coste da inscrición será de 8 **€** para nadadores federados (Federación Galega de Natación), e 12 **€** para o resto de participantes**.**
Unha vez feita a inscrición non se permitirán cambios na categoría de nado.
Os nadadores non federados menores de 18 anos, para a súa participación acompañarán unha autorización do pai/nai ou titor/a.

6.- TRAXES DE BAÑO:

Os traxes de baño deberán axustarse á normativa da Federación Española de Natación para augas abertas.

7.- TROFEOS E PREMIOS:

Entregaranse trofeos aos tres primeiros clasificados de cada categoría.
Todos os nadadores recibirán un recordo pola súa participación.

8.- SEGURIDADE:

Durante todo o percorrido da Travesía, contarase coa colaboración da Cruz Vermella do Mar e Protección Civil.

9.- FINAL:

O acto de inscrición supón a conformidade co presente regulamento.

PARA MAIS INFORMACIÓN, CONSULTA
A NOSA PAXINA WEB:
www.cncoruna.com